

Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de O Porriño para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional básica da familia de Imaxe persoal

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar co Concello de O Porriño o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro cursos académicos 2025-2026, 2026-2027, 2027-2028 e 2028-2029, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se levará a cabo a colaboración entre o Concello de O Porriño e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional básica da familia profesional de Imaxe persoal, concretamente o ciclo formativo de formación profesional básica de Peiteado e Estética. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizará no IES Ribeira do Louro de O Porriño a posta en funcionamento e organización das referidas ensinanzas. O Concello de O Porriño comprométese a ceder ou por a disposición, de maneira gratuíta, os espazos necesarios e os equipamentos mínimos para o desenvolvemento das referidas ensinanzas de formación profesional básica segundo se contempla na normativa vixente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. No Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, os



títulos profesionais básicos terán a mesma estrutura que o resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e incluírán, ademais, as competencias da aprendizaxe permanente. No Anexo VIII se establece o currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Peiteado e Estética.

2. Na Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas, establece que os ciclos formativos de formación profesional básica:
 - Entre as súas finalidades, contribuirán a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
 - A súa duración será de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.
 - A súa oferta está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, regulados no artigo 15 do Decreto 107/2014, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.
3. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de O Porriño están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

